



[www.oqueleo.com](http://www.oqueleo.com)

© Do texto: 2021, Xabier López

© Ilustración de cuberta: Michel Casado

© Desta edición:

2022, Sanoma Infantil y Juvenil, S. L. e Edicións Obradoiro, S. L.

Oqueleo é unha marca rexistrada, directa ou indirectamente por Grupo Santillana Educación Global, S. L. U., licenciada a Sanoma Infantil y Juvenil, S. L.

Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-40-2

Depósito legal: M-31868-2021

*Printed in Spain* - Impreso en España

Primeira edición: setembro de 2022

Dirección da colección:

Ana María Guerra e Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja

Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Julia Ortega,

Álvaro Recuenco e Laura Ruiz



As materias primas utilizadas na fabricación deste libro son reciclables e cumpren amplamente coa normativa europea de desenvolvemento sostible, economía circular e xestión enerxética.

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser feita coa autorización dos seus titulares, agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos, [www.cedro.org](http://www.cedro.org)) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

# **Tres segundos na zona**

Xabier López

Ilustración de cuberta de Michel Casado

oquele<sub>o</sub>



## O frío inverno de 1891

Vagas de frío?

7

Falades de vagas de frío?

Pois se isto é así, sabede que non houbo unha VAGA DE FRÍO tan dura e tan longa coma aquela que lle conxelou os bigotes a máis dun hai agora...

Inverno de 1891.

Botade contas: cento... Buh! Pouco importan os anos transcorridos dende aquela, porque falando de números, os verdadeiramente relevantes son os que marcaron os termómetros. Oito, nove, dez, once... Ata doce graos baixo cero se podían contar, no inverno de 1891, nalgúns lugares nos que ata o momento non viran caldeiras ou estufas de leña non sendo nos anuncios ou nos catálogos dos grandes almacéns que os viaxeiros doutras latitudes deixaban esquecidos nos asentos do tren.

O panorama era digno dun cadro (ou dunha fotografía; lembre que xa levaba uns anos inventada). Lagos conxelados, regatos conxelados, estanques conxelados, montañas cheas de neve, parques cheos de neve, rúas cheas de neve... Ata había praias, e mirade que é difícil ver cousa así, que en lugar de rochas e area dispuñan á mesmísima orella do mar, para desconcerto das gaivotas e outras molestas aves acuáticas, montes e montañas de...

Os xornais, os únicos medios de comunicación daqueles tempos xunto co telégrafo, o «blablablá» co veciño e un puñadiño de teléfonos repartidos entre institucións públicas e salóns de xente adiñeirada, dicían cousas coma esta:

*As persoas que non quedaron nas súas casas a carón da cheminea ou do clásico braseiro, refuxiáronse nos teatros e nos cafés, que a estas horas se atopan ateigados de xente.*

A vaga de frío do frío inverno de 1891...

A dicir dalgúns meteorólogos, pouco faltaba para chegar aos extremos de 1684, cando disque caían ao chan os paxaros e se xeaba o viño nas súas barricas. Oito, nove, dez, once, doce... Ata trece e catorce graos baixo cero puideron contar

nalgúns lugares nos que non coñecían os números negativos!

Pero en Springfield, Massachusetts, non estaban tan sorprendidos.

Nin sequera un pouquiño.

Porque alí, nesa pequena cidade americana situada a unha carreiriña de can do Canadá, o normal é morrer de frío todos os invernos. (E asarse de calor durante os veráns, si, pero ese é un asunto que agora non nos preocupa). De feito, a única maneira de matar o tempo alí polas mañás é armarse de valor, botar un par de abrigos por riba, pór un gorro, anoar no pescozo unha boa bufanda e ir mirar dende as pontes como baixan as súas boas pranchas de xeo polo río Connecticut. (Springfield, Massachusetts, Connecticut... Entendedes agora por que os americanos fan concursos de deletrear palabras!?).

Ás veces, non poucas, o frío é tan grande que xa non é que reciban a visita de grandes pranchas de xeo procedentes da montaña, senón que chega a xearse por enteiro o río nos remansos. Daquela, non é estraño ver que xunto cos abrigos, os gorros e as bufandas hai quen pendura do pescozo os

seus patíns para o xeo e quen saca dos alpendres as súas pequenas zorras de madeira coas que coller impulso e escorregar lomba abaixo.

1891. Inverno. Springfield (Massachusetts).

10 Nas afóras de Springfield, Massachusetts, existía dende había un tempo un modesto instituto onde estudaban as súas disciplinas un puñado de mozotes que non vía o momento de que a primavera varrese a neve para deixar as aulas e ir xogar ao fútbol (americano) nos moitos campos que había nos seus arredores. Patinar non é que estea mal, pero un corre o risco de mancarse e romper unha perna, e a ver entón quen pode xogar ao fútbol cando o sol luza alá enriba e os campos volvan ser verdes e nos postos ambulantes vendan xerras de limoada e cervexa de xenxibre.

Si. As horas pasan lentas no Springfield YMCA durante o inverno. O único que poden facer os seus alumnos é mirar melancolicamente polas ventás (polas que se ve como caen as folerpas de neve dun ceo tan escuro que parece negro) e conformarse (*mens sana in corpore sano!*) co exercicio que poden facer no ximnasio.



O profesor de ximnasia chámase James Naismith. É un home de trinta anos, con lentes e bigotes (si, amigos, en 1891 era raro o home de trinta anos que non adornase o bico cuns tupidos bigotes) acabado coma quen di de chegar de Canadá, ese país, xa o dixemos, a unha carreiriña de can de Massachusetts, onde tampouco se poden sorprender dun inverno coma o dese ano. Leva o pelo con raia ao medio e un groso xersei de la de colo volto, bastante parecido ao de todos eses alumnos seus que fregan as mans e saltan enriba dunha e outra perna para entraren en calor. «Buffff», protestan: «Outra sesión de ximnasia sueca????» «Outra????».

A ximnasia sueca ten as súas virtudes, non nos atreveremos a soster o contrario, pero divertirse, o que se di «divertirse», hai que ser xente doutro planeta para pasalo ben exercitándose nela.

O señor Hugues Le Roux, que viaxou deica Ling (Suecia) para interesarse polos seus «intrínquilis», deixou escrito o seguinte ao remate dun verán que pasou naquelas terras, tamén, por certo, bastante frías:

«Alí a ximnasia chegou a ser unha ciencia exacta. E unha ximnasia científica, coma a de Ling,

dirixe todos os seus esforzos ao desenvolvemento da cavidade torácica e conségueo polo desenvolvemento dos músculos dorsais, que endereitan a columna vertebral, fan retroceder os ombros e levantan a cabeza».

UNHA CIENCIA EXACTA!

12      Xa chega coas matemáticas, a física, a álgebra e todas esas aturulantes disciplinas que se imparten nas aulas. QUEN QUERE PRACTICAR UNHA CIENCIA EXACTA CANDO FAI DEPORTE???

—Atención! Punto sete do Manual: «Movements das partes laterais do corpo». Un: os pés pechados e rotación do corpo á dereita e á esquerda! Dous: os pés separados, os brazos estendidos verticalmente, rotación do corpo á dereita e á esquerda! Tres: As mans na caluga, os pés separados, flexión lateral do tronco.

O doutor Gulick, o director do departamento de Educación Física do instituto, non deixaba de recibir queixas dos alumnos. As máis, notas anónimas que aos poucos desbordaban a caixa de correo do seu despacho: «Aburrímonos», dicía unha; «Aburrímonos», dicía outra; «Aburrímonos», podía lerse nesa folla de papel que o doutor, ar-

mándose de paciencia, desdobrava devagar entre os dedos.

E si. O doutor Gulick xa tiña bastante con pasar outro inverno en Springfield, el, que nacera na solleira Honolulú, Hawai, e que pasara a mocidade en lugares tirando a calorosos coma o sur de Italia e España.

Protestas! Como se non chegase con ter que quentar a roupa interior con carbóns, pór dúas camisas e preocuparse de remollar nunha cunca de café fervente a punta dos bigotes (outra volta os bigotes, en efecto) para que non se conxelasen durante as gardas polo patio! Agora, por se todo iso fose pouco... Vaites! Probastes a despregar notas —anónimas ou non— cos dedos aterecidos polo frío?

Foi no comedor, durante a cea, mentres a neve golpeaba brandamente as vidreiras do instituto, cando o doutor Gulick deixou de sorber na trememente culler de sopa e —algo que non pasou inadvertido nas mesas dos alumnos— lle dixo a James Naismith, o profesor de ximnasia, que logo da sobremesa, antes de marchar para os cuartos, se non era moita molestia...

—Que pase polo seu despacho? —preguntou con certa preocupación o noso home.

Polo seu despacho, si.

Que mal trago, non si? Hai alguén que quede tan tranquilo cando o chaman ao despacho do director, aínda que só sexa, coma neste caso, o director do departamento de Educación Física?

14 Alí, no despacho, o doutor Gulick non andou con demasiados rodeos:

—James —falou—. Sei que non está na nosa man que acabe o inverno, quen nos dera!, pero si facer algunha cousa para que os nosos mozos non morran de aburrimiento mentres non se poida saír fóra. A ximnasia, a dicir verdade, non é que...

—E que outra cousa se pode facer nun ximnasio? —preguntou o profesor, entre aliviado e sorprendido.

—Aí está onde quero eu chegar —contestou o director—. A ver que se che ocorre. Necesitamos unha nova distracción, un xogo que non sexa violento —aquí lembraba os penosos resultados dunha sesión de boxeo celebrada había algúns días— senón divertido; un xogo que non teña moitos riscos pero que lles guste e lles interese aos nosos rapazotes.

—Hmmm... —meditou o profesor, disimulando certo nerviosismo—. Vou ver o que podo facer. De canto tempo dispoño?

O doutor Gulick ergueu penosamente dous dedos denantes de volver meter as mans nos petos do seu batín.

—Dúas semanas —dixo.

«Dúas semanas», repetía para si o profesor James Naismith. «E se non? Que acontece se non o consigo? Vanme despedir do Springfield YMCA? Vanme botar fóra? Vanme sinalar a porta do instituto sen unha mala carta de recomendación?».

15

E como as respostas a estas preguntas todas non tiñan pinta de ser demasiado alentadoras, correu a quitálas da cabeza e esa mesma noite, baixo das tres grosas mantas coas que se dorme en Springfield no inverno, púxose a pensar en como cumprir o encargo do director de departamento de Educación Física.

Ao día seguinte, ao remate das súas desganadas clases de ximnasia, pediulles a Mahan e a Pathon, dous dos seus máis aplicados alumnos, que quedasen con el no ximnasio mentres os demais marchaban ás duchas regañando os dentes.

Os dous mozos, para nada desgustados de non iren canda os outros (xa imaxinaredes o frío que pasa un nas duchas en Springfield no inverno!), escoitaron con certa curiosidade o que lles propuxo o profesor e ben axiña aceptaron o seu papel de «coelliños de indias». Probar novos xogos? Practicar novos deportes? É esa unha pregunta para os máis arrichados e avantaxados xogadores de fútbol americano de todo Springfield e a súa contorna?

Quen vise a James Naismith durante os seguintes días (así, cun caderno cheo de números e liñas e debuxos e borranchos e a mirada perdida nos altos teitos do Springfield YMCA) había pensar nun deses ensimesmados inventores que ao cabo dun tempo golpean unha man coa outra mentres berran «Eureka!» e corren a anotar as características finais do seu invento, sexa este unha panca, unha polea, unha máquina voadora ou un coche sen cabalos.

Non obstante, o «Eureka!» do profesor Naismith tardou bastante en chegar. Cando cría dar con algo puña a Mahan e a Pathon a facer as correspondentes probas no ximnasio (cordas, birlos, bancos, pelotas, conos, aros) e logo dun anaco, revirando o fociño perante os resultados (vidreiras

rotas, nocellos escordados, bocexos, bocexos, bocexos, bocexos), afundiase nos ombros, dáballle á cabeza e apresurábase a contar, entre lamentos, os días que quedaban para que se cumprise o prazo do doutor Gulick.

En fin! Non poucas veces experimentou a tentación de irlle petar na porta ao director do departamento de Educación Física e dicirlle que si, que desistía. (Así, cos ombros abatidos e sabendo que aínda lle quedaban varios días de prazo). Só cando volvía pensar nas preguntas aquelas («E se non? Que acontece se non o consigo? Vanme despedir do Springfield YMCA?» Vanme...?») paraba en seco e volvía sobre os seus pasos, na punta dos pés, procurando que as vellas madeiras do corredor —ñic, ñic, ñic— non o delatasen.

Entrementres, todo seguía o guiión de todos os invernos: frío, neve e ABURRIDAS-ABURRIDAS-ABURRIDAS clases de ximnasia no ximnasio. «Nada?», preguntábanlles en voz baixa os compañeiros a Mahan e a Paton mentres separaban os pés, estendían os brazos e rotaban o corpo da dereita á esquerda. «Nah», contestaban eles negando coa cabeza.

Cando todo apuntaba que estaba xa nun tris de renderse, a casualidade (se é que aínda credes nas casualidades) volveu cruzarse no destino dos Homes. Fóra nevaba —adiviñástelo—, a vila toda andaba envolta no silencio da noite e o noso protagonista daba voltas e voltas na cama, por baixo —xa sabedes— desas tres grosas mantas coas que se dorme en Springfield no inverno.

De socato, coma un globo que se desincha, as preocupacións foron deixando o seu peito. Estaba tan canso que... Nun dicir amén, caeu durmido non profundo sono. E soñou. Coa infancia, por descontado, que eses son sempre os soños máis reveladores.

Aí estaba el, o James neno, na viliña de Almonte, en Canadá, onde naceu, xogando cos amigos á saída da escola. É primavera. Os campos están cheos de flores e o aire, cargado de semente, apenas se resiste ao preguizoso voo das bolboretas e outros bechos voadores. As carteiras están na herba e as chaquetas, desabotoadas. Alguén coloca unha pedra sobre outra pedra meirande e os demais intentan facer puntaría, por quendas, cunha pedra máis pequena. «Veña, vai! Agora ti,



James!»). Que ben o pasaban! Un xogo de puntaría que esixía non tirar demasiado forte porque se a pedra que facía de albo caía fóra da grande... Como se chamaba? O parrulo na rocha? Si, era así: O PARRULO NA ROCHA.

Cando espertou, o profesor James Naismith xa tiña claro que ía tirar proveito daquel soño. Un xogo de precisión. De puntaría. Pero nada de pedras, eh? As vidreiras...

19

Despois de pensalo durante un anaco, dixo para si que en lugar de pedras habería que usar pelotas, non, pelotas non, pelota, UNHA SOA. Abriu o almacén do ximnasio, onde esperaban tempos mellores todos os trebellos para o deporte ao aire libre, e entornou os ollos para poder ver mellor na penumbra.

Unha pelota de fútbol americano?

Non. As pelotas de fútbol americano teñen forma de melón —xa sabedes— e é ben difícil adiviñar como van botar e cara a onde van saír disparadas en canto toquen o chan.

Mellor unha que sexa redonda (mellor dito: esférica); mellor unha que non che faga cruzar os dedos cada vez que a lances, non vaia ser que vaia

—ZAS!— contra a vidreira ao primeiro ou segundo rebote.

Unha de... *soccer*, é dicir, de fútbol europeo?

20 Como non deu con outra máis axeitada (as de tenis parecíanlle pequenas de máis e as de béisbol, adiviñástelo, demasiado duras) decidiu probar con elas, coas de *soccer*, á espera de facerlles algunha modificación para o mellor desenvolvemento do xogo.

A pedra-proxectil do parrulo na rocha, o xogo da infancia co que soñara, sería unha pelota, máis concretamente un balón de fútbol europeo: primeiro problema resolto.

Pero a pedra-albo dese xogo co que volvera soñar despois de tantos anos?

Xa se dixo que a casualidade (o azar, chámano algúns) xogou o seu papel nesta historia. Porque nese preciso momento, por CASUALIDADE, o señor Stebins, o conserxe do instituto, asomou o nariz ao almacén intrigado por saber QUEN-DE-TODOS-AQUELES-MOZOS-IRRESPONSABLES-E-REBULDEIROS...

—Ah! É vostede, profesor Naismith. Perdoe—desculpouse—. Pensei que se trataba dalgún alumno.

—Pois non, xa ve. Son eu —contestou o profesor de ximnasia—. Aquí estou. Buscando os utensilios necesarios para... Por certo, señor Stebbins, ocórreselle a vostede algo en que poida facer puntaría esta pelota?

O conserxe agarrou o balón de *soccer* que lle acababa de lanzar o profesor —«Bos reflexos», pensou este, mirando con outros ollos para aquel homiño— e, coa mesma —casualidade, azar, quedade coa palabra que máis vos guste— revelou que os seus fillos viñan de lavar no lavadoiro dous vellos cestos para apañar pexegos, preguntándose se ían valer para algunha outra cousa ou se era mellor prenderlles lume.

—Dous cestos —repetiu James Naismith—. Penso que... Si, SI, DOUS CESTOS! Un para cada equipo. E colocados a certa altura para que así os rivais non poidan interferir doadamente no lanzamento do balón...

Podía ser Pathon, pero ao cabo foi Mahan quen deu o nome a aquel deporte que se acababa de inventar.

Entrou no ximnasio, tal e como lle indicara o profesor, e quedou mirando para o balón que

esperaba sobre o parqué, solitario nunha esquina. Despois ergueu a cabeza e mirou para aquel cesto de pexegos colocado no alto. Volveu mirar para o balón. Volveu mirar para o cesto. O balón. O cesto.

—O nome está claro, si —iron todos—. E en que vai consistir exactamente? Pensou vostede xa nas regras, profesor Naismith?

22

—As regras?

## As 13 regras

### REGRAS ORIXINAIS DO BALONCESTO, TAL E COMO AS CONCIBIU EN SPRINGFIELD, Massachusetts, O PROFESOR JAMES NAISMITH

23

*O balón que se ha empregar será un dos que usa a FOOTBALL ASSOCIATION.*

**1.<sup>a</sup> regra:** *O balón pode lanzarse en calquera dirección, cunha man ou coas dúas.*

**2.<sup>a</sup> regra:** *O balón pode golpearse en calquera dirección, cunha man ou coas dúas, pero nunca co puño pechado.*

**3.<sup>a</sup> regra:** *Os xogadores non poden correr co balón nas mans. Débeno lanzar dende o mesmo lugar en que o collesen. Pode concederse certa tolerancia a este respecto a un xogador se este se apodera do balón en plena carreira.*

**4.<sup>a</sup> regra:** *O balón debe suxeitarse cunha soa man ou coas dúas, pero nin os brazos nin o corpo poden usarse para retelo.*

**5.<sup>a</sup> regra:** *Prohíbese golpear o adversario cos ombros, suxeitalo, empurralo, pórllle a cambadela; toda infracción a esta regra supón unha falta. No caso de repetición, o xogador reincidente será eliminado ata que se marque unha nova canastra. Se a intención de lesionar o adversario existe, a eliminación será para todo o partido, sen que se permita a súa substitución.*

**6.<sup>a</sup> regra:** *Golpear a pelota cos puños é unha falta coma as violacións que figuran nas regras 3 e 4, e hase aplicar a penalización prevista na regra 5.*

**7.<sup>a</sup> regra:** *Se un equipo comete tres faltas consecutivamente (sen que o outro cometese ningunha no mesmo lapso de tempo), anotarase un tanto a favor do equipo rival.*

**8.<sup>a</sup> regra:** *Un tanto considérase marcado cando o balón se lanzou dende o campo cara ao cesto e entrou nel, caendo ao chan dende o mesmo cesto, con tal de que os defensores non toquen nin modifiquen a posición deste. Se o balón queda sobre o aro e os adversarios moven o cesto, deberá marcarse un tanto.*

**9.<sup>a</sup> regra:** *Cando o balón sae do campo, debe pórse en xogo na metade do campo pola persoa que o tocouse. De existir protesta ou desacordo neste caso, o árbitro*

lanzarao ao aire, verticalmente, no interior do campo de xogo. O xogador ten cinco segundos para efectuar o lanzamento e retomar o xogo. Se retén o balón máis tempo, este daráselle ao adversario. Se un equipo intenta retardar o desenvolvemento do xogo, o árbitro castigará o infractor cunha falta.

**10.<sup>a</sup> regra:** O xuíz principal (referee) xulga as accións dos xogadores e sinala as faltas. Cando un xogador comete a terceira falta, pode ser descualificado aplicándose a regra 5.

**11.<sup>a</sup> regra:** O segundo árbitro (umpire) é o xuíz que toma as decisións que concernen ao balón, e indica cando está en xogo, cando saíu e a quen se lle debe entregar. El será cronometrador e quen decida se se marcou un tanto e levará a conta dos puntos. Cumprirá, ademais, as tarefas xeralmente encomendadas a un árbitro.

**12.<sup>a</sup> regra:** O partido componse de dous tempos de quince minutos, separados por un descanso de cinco.

**13.<sup>a</sup> regra:** O equipo que marque o meirande número de cestos declararase vencedor. No caso de empate, o partido, se están de acordo ambos os dous capitáns, pode prorrogarse ata que se marque un novo tanto.

—Ves, papá? Aí non pon absolutamente nada sobre os tres segundos na zona!

Cada vez que Roberto lía aquelas vellas regras, volvía repetir o mesmo: en ningún sitio dicía que un xogador non puidese estar na zona rival durante máis de tres segundos seguidos.

26 —Nin sequera falan dunha zona!!! —protestaba, para cargarse aínda máis de razóns.

A preocupación de Roberto por aquilo («tres segundos na zona») tiña que ver cun «pesadelo» que o perseguía dende que lle fixera caso ao seu pai e decidira seguir xogando ao baloncesto logo da súa etapa como xogador de minibásquet. A diferenza deses tempos en que a ninguén lle pasaba pola cabeza ser demasiado rigoroso (deporte de formación!), agora non había partido en que o árbitro non fixese soar o seu chifre e, logo de levantar o brazo para parar o tempo do encontro, sinalar con el aquela ESTÚPIDA PARTE do campo con tres dedos, tres (polgar, índice e corazón) ben estendidos. E non unha nin dúas nin tres ou catro veces.

Un montón delas.

E sempre «seguindo o mesmo guión», tal e como dirían os afeccionados ao cine ou ao teatro:



- a) O ROBERTO CO BALÓN (OU SEN O BALÓN) NA ZONA «RESTINXIDA» (ESE ESPAZO, ÁS VECES PINTADO DUNHA COR DISTINTA AO RESTO DA PISTA, QUE ARRODEA A LIÑA DE TIROS LIBRES DEICA A CANASTRA).
- b) O ÁRBITRO FAI SOAR O CHIFRE.
- c) O ÁRBITRO CO BRAZO EN ALTO MANDANDO PARAR O PARTIDO.
- d) O ÁRBITRO SINALANDO A ZONA COS TRES DEDOS (POLGAR, ÍNDICE E CORAZÓN) BEN ESTENDIDOS.
- e) O BALÓN PARA O EQUIPO RIVAL SEN QUE ROBERTO TEÑA OCASIÓN DE TIRAR Á CANASTRA (SE É QUE O TIÑA NAS MANS) OU DE RECIBIR UN PASE DOS COMPAÑEIRO (SE AÍND A NON O TIÑA).

27

Pero ben. Se cadra imos... demasiado rápido. Hai pouco estabamos en Springfield, Massachusetts, sabendo das peripecias de James Naismith, o inventor do baloncesto, e agora...

«Roberto».

Que quen é Roberto?

Pois Roberto é un mozo dos nosos días (o que, entre moitas outras cousas, significa que non viu o duro inverno de 1891, aínda que si algún que outro inverno para bater os dentes e pór roupa de abrigo) que reside, xunto cos seus pais e a súa

irmá Helena, deste lado do océano Atlántico (o que supón, amais dalgún detalle adicional, que no enderezo das cartas que reciben na casa —maioritariamente do banco ou da compañía da traída de augas— non figure o nome de Springfield, Massachusetts, nin o de ningún outro lugar de América).

28

Roberto estuda nun colexio bastante parecido aos outros colexios (pensade no voso e xa poderdes ter unha idea aproximada) e xoga ao baloncesto, como xa se apuntou, no equipo da vila.

Se Roberto xoga ao baloncesto, ese deporte inventado en Springfield, Massachusetts, no frío inverno de 1891, é porque neste punto seguiu —como tamén xa se apuntou— os consellos do seu pai.

Porque o pai de Roberto —adiviñástelo— tamén xogou ao baloncesto cando era neno.

—Aí non fala da regra dos tres segundos na zona, Roberto —contestáballe cando volvía co tema—, porque esas son as regras orixinais, isto é, as primeiras coas que se contou, e as regras non foron sempre as mesmas.

—Queres dicir que cambiaron co transcurso do tempo? —preguntaba Roberto.

—Si. Algunhas regras cambiaron co transcurso do tempo —confirmaba o seu pai—. Algunhas cambiaron, outras desapareceron, tamén as houbo novas...

Neste punto da conversa Roberto miraba para o seu pai (e máis concretamente para ese cabelo cada vez máis gris e escaso, esas engurras que comezaban a marcarse na beiriña dos ollos e preto da boca) e non se resistía a facer a pregunta:

—Oes, papá. Cando ti eras neno...?